



**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CELEBRADA O DEZ DE MARZO DE DOUS MIL QUINCE.**

No Concello de Láncara, sendo as doce horas, do día dez de marzo de dous mil quince, reúnese no Salón de Sesiós a Xunta de Goberno Local, para tratar dos asuntos contidos na Orde do Día, coa asistencia dos Sres Concelleiros: D. José Manuel Neira Castro, D. Ricardo Núñez Valcárcel, e D. Carlos Fernández Díaz.

Preside a Sesión o Sr. Alcalde D. Eladio Capón López, e actúa como secretario o titular D. José López Castro.

Aberto o acto pola Presidencia dase conta dos seguintes asuntos:

**1º.-LECTURA E APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA VINTE E SETE DE FEBREIRO DE 2015.**

**2º.-PERSOAL:**

**- ESCRITO DE Dª FE CASTAÑO FERNÁNDEZ, SOLICITANDO AS VACACIÓNS DO ANO 2015, DO 1-15 DE AGOSTO E DO 17-31 DE DECEMBRO.**

**3º.-PLAN PROVINCIAL 2015: ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE O NÚCLEO DE RONFE.**

**- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE APROBACIÓN DO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL E DE ESTRADAS.**

**- PREGO DE CLAUSULAS QUE REXERAN PARA A CONTRATACIÓN E LICITACIÓN DA OBRA**

**4º.- ESCRITO DE D. JOSE LUIS FOLGUEIRAS FERNÁNDEZ, SOBRE RETIRADA DO EXPEDIENTE DE LICENZA DE OBRA PARA RETELLADO DA CASA SITA EN AGROLAZAS Nº 1.**

**5º.- ESCRITO DE D. MANUEL PIÑEIRO LÓPEZ, RELATIVO O BAIXO SITO EN BENIGNO QUIROGA SOBRE BAIXA RECIBO DE LIXO E TROCO DE AUGA DE INDUSTRIAL A DOMÉSTICA.**

**6º.- ESCRITO DE Mª ISABEL PIÑEIRO DÍAZ, SOBRE RETIRADA DUN FOCO DA FACHADA DA “CASA MEIXIDE” EN MURO, PARA ARRANXO DA MESMA.**

**7º.- OFERTAS DE MOVIESTAR PARA LINEAS ADSL E MOVILES DO CONCELLO.**



## **CONCELLO DE LÁNCARA (Lugo)**

R. E. L. N.º 01270266

**8º.-PROXECTO SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS ANO 2015.**

**9º.-MEMORIAS DE VALORACIÓN:**

- BACHEO PISTA DE BANDE, VILLAMBRAN, LARIN.
- BACHEO DE DIVERSAS PISTAS DENTRO DO CONCELLO DE LANCARA.
- REALIZACIÓN DE CHAFLAN EN ENTRADA AO COLEXIO.

**10º.-NACHO MONTAXES E INSTALACIÓNS ELECTRICAS:**

- PRESUPOSTO LU 020/15 , SOBRE REFORMA DE CUADRO DE PROTECCIÓN E MANDO DO POLIDEPORTIVO.
- INFORME TÉCNICO DA ROTURA DE CABLE FAROLA DE ALUMEADO PÚBLICO EN BARBOA-TRASLISTE.

**11º.-ESCRITO DE EDITA FRANCO GARCIA, EN REPRESENTACIÓN DE Dª MONSERRAT RIBADA SACO, BENEFICIARIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR SISTEMA DE DEPENDENCIA, RENUNCIA A 30 HORAS DE SERVIZO.**

**12º.-ESCRITO DE D. LUIS LÓPEZ CASTRO, SOBRE MODIFICACIÓN APORTACIÓN ECONÓMICA.  
INFORME DA TRABALLADORA SOCIAL.**

**13º.-INFORME DA TRABALLADORA SOCIAL EN RELACIÓN AO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 10-02-15.**

**14º.-SOLICITUDE DE JOSEFINA CAMPOS PITA, DUN LOCAL NA ESCOLA DE ARMEA DE ARRIBA, PARA IMPARTIR UN CURSO DE MECANOGRAFÍA.**

**15º.-EXPEDIENTE DE JOSÉ PORTO LOPEZ , CALCULO DE INTERESES.**

**16º.-DEPUTACIÓN PROVINCIAL, COMUNICACIÓN PROGRAMA TELEASISTENCIA MES DE XANEIRO 2015.**

**17º.-CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL, COMUNICACIÓN DE RESOLUCIÓN, SOBRE AUTORIZACIÓN A TELEFONICA ESPAÑA, PARA DESMONTAXE E RETIRADA DE CABLE COAXIL.**

**18º.-RECTIFICACIÓN ACORDO OBRADOIRO DE EMPREGO, XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 10-02-15., PUNTO 31.-**

**19º.-LICENZA DE OBRAS MAIORES:**



## **CONCELLO DE LÁNCARA (Lugo)**

R. E. L. N.º 01270266

**SOLICITUDE DE D. RICARDO LÓPEZ MARTÍNEZ, PARA PROXECTO CONSTRUCTIVO DE AMPLIACIÓN DE SILOS FORRAXEIROS E MODIFICADO, EN VIGO DE GALEGOS.**

**20º.-CONTA DE GASTOS, FACTURAS XANEIRO 2015.**

**1º.-LECTURA E APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DIA VINTE E SETE DE FEBREIRO DE 2015.**

Visto o borrador da acta da sesión celebrada o día vinte e sete de febreiro de dous mil quince , este foi aprobado por unanimidade de tódolos asistentes.

**2º.-PERSOAL:**

**-ESCRITO DE Dª FE CASTAÑO FERNÁNDEZ, SOLICITANDO AS VACACIÓNS DO ANO 2015, DO 1-15 DE AGOSTO E DO 17-31 DE DECEMBRO.**

Vista a solicitude presentada por Dª Fe Castaño Fernández, solicitando as vacacións do ano 2015, dende o 1-15 de agosto e do 17-31 de decembro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

**ACORDOU:**

Deixar o asunto sobre a mesa, e comunicarlle a tódalas traballadoras que soliciten as vacacións correspondentes o ano 2015, con data límite o 15-04-2015, para ver a viabilidade de cubrir as mesmas con persoal da empresa Servital.

**3º.-PLAN PROVINCIAL 2015: ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE O NÚCLEO DE RONFE.**

**- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE APROBACIÓN DO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL E DE ESTRADAS.**

**- PREGO DE CLAUSULAS QUE REXERAN PARA A CONTRATACIÓN E LICITACIÓN DA OBRA**

Visto o escrito da Excma Deputación Provincial de Lugo de data 25-02-2015, rexistro de saída 26-02-2015, número 3372, recibido neste Concello o día 02-03-2015, rexistrado baixo o número de entrada 310 , sobre inclusión no Plan de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal e de Estradas para o ano 2015, das obras que a continuación se detallan xunto co orzamento e financiación :

-Nº 26: “Abastecemento ao núcleo de Ronfe (Láncara) “, cun orzamento de de 28.117,63 €, finzamento:

Deputación Provincial 50%:... 14.058,81 €

Concello fondos propios 50% : 14.058,82 €



## **CONCELLO DE LÁNCARA (Lugo)**

R. E. L. N.º 01270266

### **OBRA PLAN COMPLEMENTARIO:**

Nº 75 “Rexeneración do pavimento en Toldaos”, cun orzamento de 20.901,96 €.

Visto que a obra Nº 26, debe estar adxudicada, se a adxudica o Concello antes do 30-05-2015 e remitida a documentación antes do 15-06-2015, e de solicitar que a adxudique a Excm. Deputación comunicalo antes do 01-04-2015.

Visto que para a obra nº 26 Plan Provincial 2014, existe consignación no orzamento do exercicio 2015, capítulo 6 do mesmo.

Visto o Prego de cláusulas administrativas e técnicas que rexerán para a contratación mediante procedemento de negociado sen publicidade das obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

**ACORDOU:**

1º.-Que as obras as contrate o Concello e estén adxudicadas antes do 30-05-2015, se fagan con cargo ao orzamento do 2015, capítulo 6 do mesmo, en base a existencia de consignación presupostaria.

2º.-Prestar aprobación ao Prego de condicións da obra : Abastecemento ao núcleo de Ronfe (Láncara)

3º.-Expoñelo ao público no Perfil do Contratante e Tablón de Anuncios, polo prazo de 10 días, xunto coa licitación da obra.

4º.-Tramitar conxuntamente a licitación da obra polo procedemento de negociado sen publicidade, xunto coa aprobación do Prego de condicións . Puntuando unicamente as mellares.

5º.-Facer invitación as empresas :Hermanos Blanco Trigo, Construcións Goretty Loureiro e Construcciones e Desbroces Jespa.

6º.-Facultar ao Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

### **4º.-ESCRITO DE D. JOSE LUIS FOLGUEIRAS FERNÁNDEZ, SOBRE RETIRADA DO EXPEDIENTE DE LICENZA DE OBRA PARA RETELLADO DA CASA SITA EN AGROLAZAS Nº 1.**

Visto o escrito presentado por D. José Luis Folguieras Fernández, no que pon de manifesto que con data 22-09-2014 presentou unha solicitude para retellado da casa-vivenda, sita en Agrolazas nº 1 e que por motivos personais non pode facer a obra neste momento e polo que solicito se me devolva o expediente completo, deixando sen efecto a solicitude presentada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

**ACORDOU:**

Devolver o expediente a D. José Luis Folgueiras Fernández, deixando fotocopia de toda a documentación para o seu arquivo.

### **5º.-ESCRITO DE D. MANUEL PIÑEIRO LÓPEZ, RELATIVO O BAIXO SITO EN BENIGNO QUIROGA SOBRE BAIXA RECIBO DE LIXO E TROCO DE AUGA DE INDUSTRIAL A DOMÉSTICA.**

Visto o escrito de D. Manuel Piñeiro López, no que pon de manifesto que é propietario do baixo sito en Benigno Quiroga Nº 61-63 de Pobra de San Xiao, no que



## **CONCELLO DE LÁNCARA (Lugo)**

R. E. L. N.º 01270266

se desenrolaba unha actividade de comercio, en reximen de aluger a D. Marcos López Seijas, que na actualidade esta dada de baixa, polo que solicito dar de baixa o recibo do lixo e que o recibo de agua pase de industrial a doméstico.

Visto que o propietario do local en calquer momento pode usar o servizo de recollida de lixo depositando no contedor o mesmo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

### **ACORDOU:**

1º.-Non dar de baixa o recibo correspondente o lixo xa que é un servizo que pode ser usado polo propietario en calquer momento, e este servizo non é voluntario.

2º.-Non facer o troco de agua industrial a doméstica, xa que se trata dun local comercial ,non dunha vivenda, podendo dar de baixa o servizo, comunicandolle que no momento de solicitar de novo o entronque debe pagar a alta, que neste intre ten unha taxa de 90,15 €.

### **6º.-ESCRITO DE Mª ISABEL PIÑEIRO DÍAZ, SOBRE RETIRADA DUN FOCO DA FACHADA DA “CASA MEIXIDE” EN MURO, PARA ARRANXO DA MESMA.**

Visto o escrito de Dª Mª Isabel Piñeiro Díaz, polo que pon de manifesto que é propietaria da “casa Meixide”, sita en Muro, tendo previsto arranxar a mesma, solicita a retirada da fachada da farola e o cable para poder traballar na mesma e colocalo no poste que hai enfrente a vivenda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

### **ACORDOU:**

1º.-Retirar a farola e o cable da vivenda de Dª Mª Isabel Piñeiro Díaz.

2º.-Solicitar a Nacho Montaxes e Instalacións Electricas presuposto para executar estes traballos.

### **7º.-OFERTAS DE MOVIESTAR PARA LINEAS ADSL E MOVILES DO CONCELLO.**

Vista a oferta presentada por Telefónica-Movistar Fusión, rexistrada baixo o nº 333, para lineas e equipos do Concello, por importe de 445,12 €.mes, cambiando os teléfonos da oficina e os móbiles existentes.

E vista a proposta global de moviestar, rexistrada de entrada baixo o nº 334, para lineas e equipos do Concello, por importe de 329,00 € mes, quedado os teléfonos tal como están.

Visto que na oferta presentada non se reflexan os tipos de teléfono ofertados.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

### **ACORDOU:**

1º.-Estudiar a oferta de Telefónica-Movistar Fusión, para lineas e equipos do Concello, por importe de 445,12 €.mes, debendo comunicar o tipo de equipos que oferta.

2º.-Notificar este acordo a empresa “R”, adxudicataria do servizo neste intre.



## 8º.-PROXECTO SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS ANO 2015.

Vistas as memorias presentadas pola Traballadora Social deste Concello D<sup>a</sup> Teresa López Pernas.

Visto que este Concello ten aprobada a Ordenanza de Prezo Público, sobre o Servizo de Axuda no Fogar, e o Regulamento sobre este servizo, estando en vixencia ámbolos dous e a adaptación do Regulamento de Servizos de Axuda no fogar, para adaptación do decreto 149/2013, da Consellería de Traballo e Benestar, aprobada polo Pleno do Concello en Sesión celebrada o día vinte e seis de febreiro dedous mil catorce.

Visto que os servizos sociais comunitarios (de Axuda a Domicilio) se ven prestando de forma continuada nos últimos anos e séguese prestando nas mesmas condicións a data de hoxe.

Visto que durante o ano 2.014 a traballadora Social D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa López Pernas, prestou os servizos nos Concello de Luncara e Páramo a razón de tres días en Luncara e dous no Páramo e se proxecta que continúe este servizo mancomunado no presente ano.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

### ACORDOU:

Primeiro.-Solicitar os gastos de persoal, prestando estés servizos nos Concellos de Luncara e Páramo, e para o programa de axuda no fogar, ditos servizos continúan prestándose nas mesmas condicións do ano anterior.

Segundo.-Adquiri-lo compromiso de financiar, con cargo ó orzamento do presente ano, as seguintes cantidades:

Servizos Sociais comunitarios:(persoal Páramo 2/5 : 11.173,28 €)e (Luncara 3/5) 16.759,92 €).....	27.933,20 €
Servicios sociais comunitarios mantemento.....	300,00 €

Servizos Sociais programa de axuda no fogar:

Prestación Básica.....	22.921,78 €
Dependencia (Concello: 4919,74; usuarios:27299,88)....	32.219,62 €
: Xestión de programas.....	2.000,00 €
<b>TOTAL APORTACIÓN CONCELLO.....</b>	<b>85.374,60 €</b>

Terceiro.-Solicitar da Consellería de Traballo e Benestar, ó amparo da orde expresada, as seguintes axudas para servizos sociais comunitarios:

1.-Persoal: Traballadora Social, contratada polo Concello de Luncara (agrupación entre os Concellos de Luncara e Páramo.....

15.013,00 €
-------------

2.-Axuda a domicilio:

Prestación básica .....	0,00 €
Dependencia.....	89.977,20 €
Xestión de programas.....	2.000,00 €

3º.-Servicios sociais comunitarios-mantemento.....

300,00 €
----------

<b>TOTAL SOLICITADO.....</b>	<b>107.290,20 €</b>
------------------------------	---------------------



Cuarto.-Que o Concello do Páramo acorde o compromiso da súa aportación (2/5 de 27.933,20 €) **11.173,28 €**.

Quinta.-A aportación municipal será reducida na mesma porcentaxe que se reduza por parte da Consellería de Traballo e Benestar.

Sexto.-Dar conta deste acordo ó Pleno do Concello, na primeira sesión ordinaria que este celebre.

Septimo.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

**9º.-MEMORIAS DE VALORACIÓN:**

**-BACHEO PISTA DE BANDE, VILLAMBRAN, LARIN.**

Vista a memoria de valoración de “bacheo de pista de Bande-Villambrán-Larín, cun orzamento de 13.660,00 €, redactada pola técnica Marta López Cepeda.

Visto o acordo tomado polo Pleno, en sesión celebrada o día 25-02-2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

**ACORDOU:**

1º.-Prestar aprobación a memoria de valoración de “bacheo de pista de Bande-Villambrán-Larín”, por un importe de 13.660,00 €

2º.-Adxudicarlle as obras a empresa Jespa, Jesús y Páramo S.L., polo prezo de 13.660,00 €.

3º.-Financiar as obras con cargo a baixa do capítulo 1 do orzamento 2015 (que pasa o capítulo 6) segundo acordo do pleno de data 25-02-2015.

4º.-Nomear directora das obras a Dª Marta López Cepeda.

**-BACHEO DE DIVERSAS PISTAS DENTRO DO CONCELLO DE LANCARA.**

Vista a memoria de valoración de “bacheo de pista de diversas pista dentro do Concello de Luncara,cun orzamento de 25.610,82 €, redactada pola técnica Marta López Cepeda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

**ACORDOU:**

1º.-Prestar aprobación a memoria de valoración de “bacheo de pista de diversas pista dentro do Concello de Luncara”.

2º.-Adxudicarlle as obras a empresa Jespa, Jesús y Páramo S.L., polo prezo de 25.610,82 €, debendo pasar polo Concello para facer unha negociación.

3º.-Financiar as obras con cargo ao orzamento do 2015, capítulo 2, partida 453.

4º.-Nomear directora das obras a Dª Marta López Cepeda.

**-REALIZACIÓN DE CHAFLAN EN ENTRADA AO COLEXIO.**

Vista a memoria de valoración de “ realización de chaflan en entrada colexio”,cun orzamento de 10.021,62 €, redactada pola técnica Marta López Cepeda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

**ACORDOU:**



## **CONCELLO DE LÁNCARA (Lugo)**

R. E. L. N.º 01270266

Deixar o asunto sobre a mesa para buscar financiación para estes traballos, xa que este Concello só podería facer fronte o gastos de man de obra (4.000,00 €).

### **10º.-NACHO MONTAXES E INSTALACIÓNS ELECTRICAS: -PRESUPOSTO LU 020/15 , SOBRE REFORMA DE CUADRO DE PROTECCIÓN E MANDO DO POLIDEPORTIVO.**

Visto o presuposto nº LU 020/15 de Nacho Montaxes e Instalacións Eléctricas, para reforma do cadro de protección e mando do polideportivo, por importe de 896,60 €.

Visto que a empresa Efigal Norte presentou presuposto por importe de 280,12 €.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

**ACORDOU:**

1º.-Aceptar o presuposto da empresa Efigal Norte de 280,12 € e que executa as obras.

2º.-Remitir certificación deste acordo a ambas empresas.

### **-INFORME TÉCNICO DA ROTURA DE CABLE FAROLA DE ALUMEADO PÚBLICO EN BARBOA-TRASLISTE.**

Visto o informe sobre rotura do cable farolas de alumado público en A Barboa-Traslite, no que pon de manifesto que os materiais necesarios son:

42 mts de tranzado de 2X6 mm de sección

2 ganchos de poste-pared.

2 pinzas de amarre de tranzado

2 brazos de farolas con su cabeza correspondiente totalmente montada

2 cajas de conexión con portafusibles cada una en su farola correspondiente

1 poste que puede ser de hormigón o de madera donde etaba la palleira derrumbada.

1 material de sujeción de farolas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

**ACORDOU:**

Solicitar a empresa Nacho Montaxes e Instalacións Eléctricas que presente o presuposto económico da reparación do siniestro.

### **11º.-ESCRITO DE EDITA FRANCO GARCIA, EN REPRESENTACIÓN DE Dª MONSERRAT RIBADA SACO, BENEFICIARIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR SISTEMA DE DEPENDENCIA, RENUNCIA A 30 HORAS DE SERVIZO.**

Vista a solicitude presentada por Dª Edita Franco García, en calidade de gardadora de feito de Dª Montserrat Ribada Saco, beneficiaria do servizo de axuda no fogar polos sitema da dependencia, no que pon de manifesto a renuncia as 30 horas de servizo de axuda no fogar a partir do 9 de marzo de 2015.





Visto que non parece lóxico que para renunciar as horas non haxa un período de tempo previo para poder facer as xestións necesarias, para non perder parte da

subvención, cando para renunciar a asistencia nun período de vacación é necesario facelo con 10 días de antelación.

Visto o reparto de horas feito pola Traballadora Social.

Visto que a Traballadora Social no seu informe fai constar que existen problemas entre unha usuaria do servizo de axuda no fogar e unha traballadora que presta servizos a dita usuaria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,  
ACORDOU:

1º.-Aceptar a renuncia das 30 horas de D<sup>a</sup> Monserrat Ribada Saco.

2º.-Solicitar informe a Cosellería de Traballo e Benestar, sobre o prazo para deixar de presta o servizo en caso de renuncia, para ver si é correcto, xa que existen informes contradictorios, e para o caso de que non axa período previo de notificación, reformar o Regulamento, para evitar feitos como os que están sucedendo nos últimos tempos.

3º.-Aprobar o troco proposto pola Traballadora Social, como consecuencia dos problemas suscitados entre a usuaria e a traballadora.

4º.-Prestar aprobación as carteleiras propostas pola Traballadora Social sempre que non afecten a xornada laboral das mesmas, entrando en vigor con data límite o 16-03-2014, debendo ter as comunicacións no seu poder antes do día 15-03-15.

5º.-Remitir certificación deste acordo a tódalas partes afectadas.

## **12º.-ESCRITO DE D. LUIS LÓPEZ CASTRO, SOBRE MODIFICACIÓN APORTACIÓN ECONÓMICA.**

### **INFORME DA TRABALLADORA SOCIAL.**

Visto o escrito presentado por D. Luis López Castro, no que pon de manifesto que dende o falecemento da súa nai o pasado día 20 de novembro de 2014, vive só, polo que a aportación económica polo servizo de axuda no fogar municipal tiñan en conta os ingresos económicos da nai, polo que solicita se lle revise a súa capacidade económica para modificar a aportación económica, se procede.

E visto o informe da traballadora social, que di : “, Que D. Luis López Castro é beneficiario do servizo de axuda no fogar polos sistema de libre concorrencia, onde solicita unha revisión da súa capacidade económica para modificar a aportación económica se procede, que actualmente paga 19,80 €/mes. Que revisada a súa nova situación socio económica, a capacidade económica actual ascende a 526,40 €/mes polo que a aportación económica tendo en conta as horas que se lle prestan e a porcentaxe sobre o prezo hora, o usuario correspondelle aboar 13,20 €/mes.

Aportación o 10% do prezo hora (12 €) por 11 horas ao mes =13,20 €.



## **CONCELLO DE LÁNCARA (Lugo)**

R. E. L. N.º 01270266

Polo tanto, propónse que se modifique a D. Luis López Castro a aportación económica mensual a efectos do mes de marzo do 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,  
ACORDOU:

1º.-Aceptar a modificación proposta da aportación económica de D. Luis López Castro, pasando a pagar 13,20 €/mes, con efectos do mes de marzo de 2015.

2º.-Remitir certificación deste acordo ao encargado de confeccionar os recibos D. Marcos Vázquez Marey.

### **13º.-INFORME DA TRABALLADORA SOCIAL EN RELACIÓN AO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 10-02-15.**

Visto o informe da Traballadora Social en relación ao acordo da Xunta de Goberno Local, de data 10-02-15, sobre o punto 13º.-“escrito de Dª Pilar González Díaz, beneficiaria do servizo de axuda no fogar sistema de dependencia, solicitando a baixa de 40 horas mensuais”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,  
ACORDOU:

1º.-No referente a traballadora que prestaba os servizos no domicilio de Pilar González Díaz, xa se pagou a nómina enteira do mes de febreiro.

2º.-No referente a renuncia de horas ao servizo, remitirnos o punto 11º, e no sucesivo o igual que se fai coas baixa que o resolva o Sr. Alcalde, por motivos de urxencia, dando conta a Xunta de Goberno Local, para que o ratifique.

3º.-Sobre o “hostigamento “ hacia os profesionais dos servizos sociais a Xunta de Goberno Local nunca intentou “hostigar” a ninguen e procura que tódolos traballadores sexan tratados da mesma maneira.

### **14º.-SOLICITUDE DE JOSEFINA CAMPOS PITA, DUN LOCAL NA ESCOLA DE ARMEA DE ARRIBA, PARA IMPARTIR UN CURSO DE MECANOGRAFÍA.**

Visto o escrito de Dª Josefina Campos Pita, Directora da Academia Líder , con DNI Nº32.602.932-H, solicitando un local na escola de Armea de Arriba, para impartir un curso de mecanografía que comenará o mércores 25 de febreiro e finalizará en agosto 2015, un día a seman , os mercores de 15:30 a 17:30 horas.

Visto que os usuarios deben contribuir ao pago dos gastos durante estes 6 meses.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,  
ACORDOU:

1º.-Conceder a Dª Josefina Campos Pita, un local na escola de Armea de Arriba, para impartir un curso de mecanografía que comenará o mércores 25 de febreiro e finalizará en agosto 2015, un día a semana , os mercores de 15:30 a 17:30 horas, baixo os seguintes condicionados:



## **CONCELLO DE LÁNCARA (Lugo)**

R. E. L. N.º 01270266

a) Debe aboar a cantidade de 10,00 € mes, total 60,00 €.

b) Antes de retirar a chave do Concello debe facer efectivo o pago correspondente ao 50% (30,00 €) do total a pagar, e o resto antes de finalizar o curso (30,00 €).

2º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

### **15º.-EXPEDIENTE DE JOSÉ PORTO LOPEZ , CALCULO DE INTERESES.**

Visto o expediente de calculo de intereses a D. José Porto López, por sentenza dictada ao efecto, que ascende a 276,59 €.

Visto que esta cantidade non foi aboa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

**ACORDOU:**

Aboar a D. José Porto López a cantidade de 276,59 €, correspondente os intereses, dende o 09-03-1998 ao 01-01-2007.

### **16º.-DEPUTACIÓN PROVINCIAL, COMUNICACIÓN PROGRAMA TELEASISTENCIA MES DE XANEIRO 2015.**

Vista a lista de usuarios en activo (8) do programa Provincial de Teleasistencia Domiciliaria correspondente aos meses de xaneiro de 2015, coas incidencias remitidas polos responsables dos Servizos Sociais.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

**ACORDOU:**

1º.-Prestar aprobación a lista dos 8 usuarios., así como o custo.

2º.-Facultar o Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

### **17º.-CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL, COMUNICACIÓN DE RESOLUCIÓN, SOBRE AUTORIZACIÓN A TELEFONICA ESPAÑA, PARA DESMONTAXE E RETIRADA DE CABLE COAXIL.**

Vista a comunicación da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, sobre resolución do expediente de autorización para o desmontaxe e retirada de cable coaxil enterrado na zona de policía de varios cuaces, nos TT.MM. de Begonte, Guitiriz.Lugo , O Corgo,Luncara ,O Páramo, Sarria, O Incio, Bóveda e Monforte de Lemos, petionario Telefónica de España, SAU.I + M Lugo.

Visto o acordo tomado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día dez de marzo de dous mil catorce.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

**ACORDOU:**



Remitirse ao acordo tomado por esta Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día dez de marzo de dous mil catorce, do que se adxunta copia.

**18º.-RECTIFICACIÓN ACORDO OBRADOIRO DE EMPREGO, XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 10-02-15., PUNTO 31.-**

O Diario Oficial de Galicia do 13 de xaneiro de 2015 (núm 7) publica a Orde do 30 de decembro de 2014 pola que se convocan “Axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2015”.

Visto o contido da orde referenciada e visto o proxecto de OBRADOIRO DE EMPREGO “Neira de Jusá III” a realizar conjuntamente cós concellos de Baralla, As Nogais e Triocastela, sendo o promotor da iniciativa o Concello de Baralla.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Aprobar o proxecto do OBRADOIRO DE EMPREGO “Neira de Jusá III” , con que se van executar as actuacións seguintes, que comezarán a partir de **maio de 2015**:

-Láncara :”Acondicionamento de exteriores no Campo da Feira en Pobra de San Xaio-Láncara”, proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto colegiado 2.339.

-Baralla: Construcción do vaso da piscina de adultos da piscina municipal dentro da obra de “instalación deportiva de piscina municipal en el area fluvial de Baralla (3ª fase)” proxecto redactado por D. Manuel Eduardo López Vázquez, arquitecto colegiado 1.508.

-A Nogais: “Acondicionamento de accesos o núcleo de Santo Andre “ proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto colegiado 2.339.

-Triacastela: “Acondicionamento do camiño de Suavila. Fase III” e “Acondicionamento de camiño de Pasantes” proxectos ambos redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto colegiado 2.339.

2º.-Autorizar o Concello de Baralla para solicitar ante a Consellería de Traballo e Benestar a subvención para o OBRADOIRO DE EMPREGO o averio da Orde do 30 de decembro de 2014, pola que se convocan “Axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2015, e solicitar unha subvención para o devandito programa de emprego-formación.

3º.-Aprobar as actuacións seguintes, correspondentes ó Concello de Láncara : Acondicionamento de exteriores no Campo da Fiera en Pobra de San Xaio-Láncara”, proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto colegiado 2.339.



## CONCELLO DE LÁNCARA (Lugo)

R. E. L. N.º 01270266

4º.-Declarar a plena disponibilidad das actuacións nos inmobles e áreas que afectan.

5º.-Aprobar a dotación para os gastos de financiamento e xestión do Obradoiro de Emprego para menores de 25 anos, por un importe de 20.000,00 €.

6º.-Aprobar o compromiso de dotar dos medios económicos para os gastos de materiais e ferramentas necesarios para o desenvolvemento das obras deste concello.

**O Diario Oficial de Galicia do 27 de xaneiro de 2015 (número 17) publica a “ORDE do 21 de xaneiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mistos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.”.**

Visto o contido da orde referenciada e visto o proxecto de ESCOLA OBRADOIRO PARA MENORES DE 25 ANOS “Neira de Jusá III” a realizar conxuntamente cós concellos de Baralla, As Nogais e Triacastela, sendo o promotor da iniciativa o Concello de Baralla.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Aprobar o proxecto da ESCOLA OBRADOIRO “Neira de Jusá III”, con que se van executar as actuacións seguintes, que comencarán a partir de **maio de 2015**:

-Láncara :”Acondicionamento de exteriores no Campo da Feira en Pobra de San Xaio-Láncara”, proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto colegiado 2.339.

-Baralla: Construción do vaso da piscina de adultos da piscina municipal dentro da obra de “instalación deportiva de piscina municipal en el area fluvial de Baralla (3ª fase)” proxecto redactado por D. Manuel Eduardo López Vázquez, arquitecto colegiado 1.508.

-A Nogais: “Acondicionamento de accesos o núcleo de Santo Andre “ proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto colegiado 2.339.

-Triacastela: **“Acondicionamento do camiño de Suavila. Fase III” e “Acondicionamento de camiño de Pasantes” proxectos ambos redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto colegiado 2.339.**

2º.-Autorizar o Concello de Baralla para solicitar ante a Consellería de Traballo e Benestar a subvención para a ESCOLA OBRADOIRO PARA MENORES DE 25 ANOS ao averio da Orde do 21 de xaneiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mistos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.”, e solicitar unha subvención para o devandito programa de emprego-formación.



## **CONCELLO DE LÁNCARA (Lugo)**

R. E. L. N.º 01270266

3º.-Aprobar as actuacións seguintes, correspondentes ó Concello de Luncara :  
Acondicionamento de exteriores no Campo da Fiera en Pobra de San Xaio-Luncara”,  
proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto colegiado 2.339.

4º.-Declarar a plena dispoñibilidade das actuacións nos inmobles e áreas que afectan.

5º.-Aprobar a dotación para os gastos de financiamento e xestión da Escola Obradoiro para menores de 25 anos, por un importe de 15.000,00 €.

6º.-Aprobar o compromiso de dotar dos medios económicos para os gastos de materiais e ferramentas necesarios para o desenrolo das obras deste concello.

### **19º.-LICENZA DE OBRAS MAIORES:**

#### **SOLICITUDE DE D. RICARDO LÓPEZ MARTÍNEZ, PARA PROXECTO CONSTRUCTIVO DE AMPLIACIÓN DE SILOS FORRAXEIROS E MODIFICADO, EN VIGO DE GALEGOS.**

Vista a solicitude de D. Ricardo López Martínez, en representación de Gandería Santa Mariña SC, con NIF: J-27453893, para “construción de silos forraxeiros ” en Santa Mariña de Galegos,

Visto o Proxecto de data 9-xullo-2013, redactados por Isabel Arza Ríu, por importe de 58.500,00 € e o modificado de data 04-11-2014, cun presuposto de execución material de 42.000,00 €.

Vista a Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Visto o informe favorable, da arquitecta municipal, coas seguintes obrigas:

“-Deberá dar cumprimento as condicións impostas na resolución da Dirección Xeral do Patrimonio.

-Conforme o disposto polo artigo 42.1 letra c) da Lei 9/2002, as características estéticas e constructivas e os materiais, cores e acabados serán acordes co paisaxe rural e as construcións tradicionais do entrono.

-Conforme o disposto pola Disposición transitoria décimo primeira da Lei 9/2002, modificada pola Lei 2/2010, manterase o estado natural dos terreos ou , se é o caso, o uso agrario deles ou con plantacións de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, un terzo da superficie da parcela.

-Dar cumprimento o disposto polo artigo 42.1 letra e) da Lei 9/2002, modificada pola Lei 2/2010”.

Visto que na Xunta de Goberno Local, con data 24 de marzo de 2014 se practicou a liquidación correspondente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

#### **ACORDOU:**

1º.-Conceder licenza municipal a Ricardo López Martínez, en representación de Gandería Santa Mariña SC, para “construción de silos forraxeiros ” en Santa Mariña de



## CONCELLO DE LÁNCARA (Lugo)

R. E. L. N.º 01270266

Galegos, con suxeición ao proxecto técnico e modificado, así como Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e ao informe da arquitecto municipal.

2º.-Practicar a seguinte liquidación:

Licencia de obra : $(42.000,00 \times 3,1 \%) = 1.302,00 \text{ €}$

Bonificación actividade agrícola: 35%  $(1.302,00) = 455,70 \text{ €}$

Total a ingresar licencia de obra: **846,30 €**

Licencia de actividade:  $(518,40 \times 0,60) = 311,04 \text{ €}$ .

Deixando sin efecto as liquidacións practicadas anteriormente (Xunta de Goberno Local de data 24-03-2014), respecto da licenza de obra e de actividade.

3º.-Concedese un prazo de 6 meses para iniciar as obras , e un prazo de 3 anos para rematalas.

### 20º.-CONTA DE GASTOS, FACTURAS XANEIRO 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acordou prestar aprobación as seguintes facturas ó consideralas totalmente correctas:

#### FACTURAS MES DE XANEIRO.

Nome	CIF/NIF	Nº fac. partida	Descrición	Importe
Orona S.Coop	F20025318	F-1504038564 1000; P:920.220	Mantemento ascensor xaneiro	290,40
Jose L. Montes Pérez	33314272X	F-0268/B14; P:920.221	Repracións pajero, alternador, lamaparas,etc	96,39
Pablo Vázquez Liz	33324516T	F-20/14; P:920.220	Carteiras para agasallo fin de ano	181,50
Club Sarria S.R.	G27164557	F:1/14- 15;P:341.221	1 trimestre gimnasia ritmisa curso 14-15	1234,20
Macarena Rodríguez Nuñez (Fercar CB)	E27359074	F:1/2015;P:920.16 0	Suplido al Secretario (60% de 7,70)	4,62
Pekexogo animación e ocio S.L.	B70239439	F:1 201500008;P:337. 221	Actividades cabalgata Reis	2.200,00
JoSe. M: Prado Blanco (El Edén del Paladar)	33857449T	F:546;P:337.221	Carmelos e piruletas	956,54
Juan C. Brea Méndez	76576776R	F:312;P:920.221	Arranxo caldeira do Concello	405,35
Miguela Caballero Segura	4541920H	F:150001;P:920.1 60	Suplido al Secretario (60% de 30,35)	18,21
Marta López Cepeda	76577206V	F:pro forma;P:920.227	Proxecto acon.acceos Vilouzan ,Monsiero	1936,00



## CONCELLO DE LÁNCARA (Lugo)

R. E. L. N.º 01270266

			e Villarín	
Adrian Salgado	34269017Y	F:W00002;P:920.160	Suplido a Auxiliar (60% 114,00)	68,40
David López López	33348019C	F:B/2;P:221.163	Cable acelerador e colocalo para M017574	27,60
David López López	33348019C	F:A/3;P:221.163	Motosierra, rep serrucho, placa	225,00
Walter Vázquez Doval	33346400B	F:01;P:920.212	Porta almacen o lado do Churrillo	949,85
Ana B. Fernández Fernández (Némesis creaciones)	76619593S	F:2015/a12;P:337.221	Video promoción Porco Celta	193,80
Serhuman	B73296063	F:417342;P:920.220	Boligrafos	117,37
Canon	A27142462	F:1500387;P:920.216	Mantemento red informática	1195,29
Corchao Oil S.L.	B27262138	F:15522;P:337.221	Gasoleo C Oficinas Municipais	819,35
Corchao Oil S.L.	B27262138	F:15523;P:920.221	Gasoleo C Polifuncional	748,10
Salvador Diaz Cerviño	33858098M	F:01/3;P:920.227	Honorarios funcionarios e persoal ,xaneiro	525,21

### FORA DA ORDE DO DÍA E PREVIA DECLARACIÓN DE URXENCIA, ADOPTARONSE OS SEGUINTE ACORDOS:

#### ESCRITO DE D<sup>a</sup> LUCIA FERNÁNDEZ LOMBAO, SOBRE TROCO DE CATEGORIA PARA O ESTABLECEMENTO SITO EN BENIGNO QUIROGA N<sup>o</sup> 38 BAIXO, POBRA DE SAN XIAO, "PUB",PASANDO A CAFÉ-BAR.

Visto o escrito presentado por D<sup>a</sup> Lucia Fernández Lombao, para troco da licenza do establecemento sito en Benigno Quiroga N<sup>o</sup> 38 baixo, **de PUB a CAFÉ-BAR.**

Visto que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 10 de xullo de 2013, concedeulle o troco de titularidade para café-bar.

Visto que a Xunta de Goberno Local, a petición da interesada, en sesión celebrada o día 27-09-2013, condeulle o troco de titularidade de café-bar a Pub.

Visto que o pasar de pub café-bar , o horario de apertura e peche non é o mesmo , para pub que para café-bar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:





## **CONCELLO DE LÁNCARA (Lugo)**

R. E. L. N.º 01270266

1º.-Conceder o troco de categoría do establecemento sito en Benigno Quiroga Nº 38 baixo pasando de PUB A CAFÉ-BAR.

2º.-Comunicarlle a Dª Lucia Fernández Lomba, que o horario de apertura e o de peche é o establecido pola Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local ,

por orde de 16 de xuño de 2005, publicado no D.O.G nº 117 do 20 de xuño, da que xa ten copia.

3º.-Remitir certificación deste acordo a Dª Lucia Fernández Lombao

4º.-Practicar unha liquidación de 30,00 €, correspondente a taxa por troco.

E non habendo máis asuntos que tratar dáse por rematada a sesión por orde do Sr. Alcalde, sendo as trece horas vinte minutos, estendéndose a presente acta que como Secretario, certifico.